



Convocatoria Control Preselección IF Sub-15

Convocatoria Control Preselección IF Sub-15

Co obxectivo de dar continuidade ao proceso de seguimento e conformación da futura Selección Galega de Inline Freestyle Sub-15, convócase unha xornada de control dirixida aos/ás patinadores/as federados/as nados entre os anos 2012 e 2015 que, en base aos seus resultados en competición e ás observacións realizadas en anteriores controis e tecnificacións, foron seleccionados/as para ser novamente avaliados/as de cara ao inicio da nova tempada.

Esta convocatoria ten como finalidade permitir ás seleccionadoras autonómicas actualizar a valoración técnica e deportiva destes/as deportistas, observando a súa evolución e potencial nas distintas disciplinas oficiais do Inline Freestyle.

A información recollida durante esta sesión servirá como base para establecer e afinar un primeiro grupo de preseleccionados/as, co propósito de continuar o traballo formativo e técnico ao longo da tempada 2026, de cara á conformación do equipo galego que represente á nosa comunidade no Campionato de España de Seleccións Autonómicas IF 2026.

1 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA XORNADA

Trátase dunha xornada deportiva completa, que incluírá tanto tempo de traballo sobre patíns como exercicios e actividades sen patinar. Por este motivo, os/as participantes deberán acudir con roupa cómoda e calzado axeitado para ambas as situacións.

Durante o control, non estará permitido o uso da equipación do clube, agás para o photocall final ou sesións fotográficas oficiais, co fin de garantir a uniformidade da convocatoria. Agradeceríase que os/as deportistas acudisen con camisetas entregadas pola FGP noutras ocasións ou, na súa falta, cunha camiseta lisa de cor azul, negra ou branca, xa que nesta convocatoria non será posible facilitar camisetas oficiais para todos os participantes.

O uso de dispositivos electrónicos estará regulado e só se permitirá durante os períodos de descanso indicados polas seleccionadoras.

Dado que a tecnificación se desenvolverá durante toda a xornada, cada participante deberá levar a súa propia auga, así como a comida e os aperitivos que considere necesarios para o seu consumo persoal nos momentos de pausa.

2 LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN

O control de deportistas celebrarase o día 8 de febreiro en IES Eduardo Blanco Amor, Rúa Vicente Risco, 13, 32001 Ourense, ubicación:

📍 IES Eduardo Blanco Amor



Convocatoria Control Preselección IF Sub-15

3 HORARIO

A falta de coñecer o número final de deportistas asistentes, o **horario orientativo** para a xornada de control será o seguinte:

Hora	Actividade
10:00	Apertura de portas e recepción de participantes
10:10	Quecemento xeral conxunto
10:45	Proba de Derrapes (Slides)
12:15	Proba de Salto (Jump)
13:30	Pausa para xantar
15:00	Proba de Speed Slalom
16:30	Proba de Battle Freestyle
18:00	Peche da xornada.

Este horario poderá sufrir axustes menores o propio día da convocatoria, en función da asistencia e da dinámica da xornada.

4 CONVOCADAS/OS

Rógase confirmación de asistencia por parte dos/as deportistas ao correo comitefreestyle@fgpatinaxe.gal antes do mércores 5 de novembro ás 23:00 horas.

Dado que se trata dunha xornada aberta, a participación é totalmente voluntaria, e a non asistencia non suporá ningunha penalización, máis alá de que o deportista non poida ser valorado nin se teñan en conta posibles evolucións respecto a controis anteriores.

Indícase tamén que os/as patinadores/as nados/as no ano 2011 non serán chamados/as nin seleccionables para o proceso da vindeira tempada, ao superar xa o límite de idade Sub-15 en 2026. Con todo, manterase aberta a súa participación nesta convocatoria como xesto de agradecemento polo esforzo, compromiso e contribución á modalidade.

RELACIÓN DE DEPORTISTAS CONVOCADOS

Apelidos, Nome	Clube	Probos
CAMPOS LÓPEZ, AROA	ROLLER OURENSE	Speed, Derrapes, Battle, Salto
CONDE FERNÁNDEZ, SARA	ROLLER OURENSE	Speed, Derrapes, Battle, Salto



Convocatoria Control Preselección IF Sub-15

DE BENITO CONDE, YHADIRA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
DOMÍNGUEZ FISCHETTI, ELENA	ROLLER OURENSE	Speed, Derrapes, Battle, Salto
ESTEVEZ LOPEZ, NORA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
ESTEVEZ SANCHEZ, MARA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
FELIZ FRAGA, IRIA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
FERNANDEZ IGLESIAS, CARLA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
ILIE MOURE, ALEXI	FREESTYLE SLALOM VIGO	Speed, Derrapes, Battle, Salto
LICERAS GRACIA, MARTINA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
MAROTO COSTA, DAFNE	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
MATO ORTIZ, MARTINA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
PEREZ GONZALEZ, AINHOA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
QUINTAS QUIÑOY, JULIA	ROLLER OURENSE	Speed, Derrapes, Battle, Salto
RODRÍGUEZ LAMAS, SOFIA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
RODRÍGUEZ PÉREZ, MARÍA	ROLLER OURENSE	Speed, Derrapes, Battle, Salto
RODRIGUEZ ROUCO, NORA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
SANTAMARIA FERREIRA, AITANA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto
VAZQUEZ NOVOA, SARA	MEIGAS RODAS	Speed, Derrapes, Battle, Salto

5 DISPOSICIÓN FINAIS

As/os participantes correrán cos gastos de transporte, manutención, dietas e posible aloxamento.

A Coruña, 01 de febreiro de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle